

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006390	CEIP Manuel Vidal Portela	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Para a elaboración desta programación, partiuse do Proxecto Educativo do centro (incluídos os diferentes plans que forman parte do mesmo) tomándose tamén como referencia o Currículo da Comunidade Autónoma de Galicia indicado no Decreto 150/2022 do 8 de outubro, establecido pola LOMLOE (Lei orgánica 3/2020). Tívoise tamén en conta o indicado no Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil así como o establecido no Decreto 79/2010 do 20 de maio, do Plurilingüismo, e toda a normativa de aplicación a esta etapa.

A elaboración desta programación, aposta por un enfoque globalizador do ensino, partindo de experiencias significativas para os nenos e nenas e onde estes adoptan un papel activo na formación da súa personalidade, na adquisición de autonomía, iniciativa e responsabilidade, do intercambio de puntos de vista, de compartir e construír coñecementos, expresar e argumentar as súas opinións, buscar solucións creativas a problemas prácticos da súa vida cotiá e do contorno sempre dentro de contextos cooperativos, de investigación activa e descubrimento xunto cun desenvolvemento dos seus pilares de pensamento.

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por diversas situacións de aprendizaxe.

Por último, destacar que un dos aspectos a ter en conta na nosa programación é o contexto no que se atopa o noso centro escolar. Trátase dunha escola situada no ámbito urbano, con zonas verdes próximas e de fácil acceso, o que facilita a realización de actividades ao aire libre se a climatoloxía o permite.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

Por ser un centro plurilingüe, o Galego será a lingua vehicular usada maioritariamente no día a día no desenvolvemento das actividades.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso día a día	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades. Nela atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional...). Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación no centro e na aula. Incluirase aquí o periodo de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén todas aquelas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, novos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc...	40	X	X	X
2	Así son eu	Nesta unidade encadraranse secuencias onde a alumna ou alumno parta do autoconecemento a través do descubrimento do seu propio corpo. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións... Levaranse a cabo propostas centradas na exploración activa do corpo relacionando o movemento coa expresividade tanto corporal coma oral, iniciando o coñecemento de vocabulario relacionado coas emocións así como a expresión de sentimentos para favorecer o aumento do seu repertorio comunicativo. Iniciaremos ao alumnado no coñecemento e reprodución de cantigas, xogos de palabras, identificación de elementos de imaxes... sempre de forma activa, lúdica e manipulativa.	40	X		
3	Arte na escola	Nesta unidade incluíranse os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes	40	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Arte na escola	<p>manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes dispoñibles para o noso alumnado.</p> <p>As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles. Todas as actividades partirán da liberdade, intentando non ofertar modelos que estereotipen a práctica do noso alumnado, fomentando sempre a creatividade e a expresión persoal de cada nena e neno.</p>	40	X	X	X
4	Xeitos de vivir	<p>A unidade incluírá secuencias dedicadas a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo, cultura ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións...</p> <p>Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas actividades de descubrimento onde iniciemos ao alumnado na busca de información, recopilación e interpretación da mesma. Sempre empregando diferentes formatos e soportes favorecendo a accesibilidade de todo o noso alumnado.</p>	40		X	
5	A nosa horta	<p>Nesta categoría traballaránse proxectos relacionados coa comunicación e representación da realidade do mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura...</p> <p>As actividades que primarán nesta unidade serán de adquisición de novo vocabulario, comprensión dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descrición de procesos e fenómenos naturais...</p>	40	X	X	X
6	O mundo animal	<p>Nesta unidade incluíranse os proxectos dedicados a representación e comunicación da realidade do mundo animal, xa sexa coñecendo un en concreto ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, ou a súa relación cos seres humanos.</p> <p>As actividades que primarán nesta unidade serán de adquisición de novo vocabulario asociado, descrición de animais segundo as súas características singulares, así como a descrición do seu hábitat, participación en actividades de elaboración de información relacionada co tema...</p>	40			X
7	Onde eu vivo	<p>Dentro desta unidade poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados.</p> <p>Primarán as actividades de consulta de fontes de información en diferentes soportes, adaptadas a súa idade, sobre diferentes temas para poder coñecer diferentes aspectos e inicialos en accións de difusión realizando sinxelas producións en ambas linguas oficiais.</p>	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O noso día a día	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adapta o seu repertorio comunicativo ás diferentes situacións e contextos explorando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Escoita e interpreta mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo...)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con interese a lectura de textos literarios breves.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Así son eu	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.	TI
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Respecto cara ás producións alleas. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte na escola	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa interese ante representacións ou manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Reacciona ante representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas explorando os distintos materiais con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.

Contidos

- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Xeitos de vivir	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo...)	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

Contidos
- Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
5	A nosa horta	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
6	O mundo animal	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo...)	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrizes do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Respecto cara ás producións alleas. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	Onde eu vivo	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	TI
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.

Contidos

- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que a nosa escola nesta etapa debe ser unha escola para a vida, onde o neno ou a nena desenvolva ao máximo as súas capacidades. O ambiente e planificación de todas as actividades ha de ser próximo ao seu mundo. Nesta área (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e máis neste primeiro curso do segundo ciclo no que se están a iniciar na súa comunicación coa contorna máis aló do seu núcleo familiar. Como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes comecen a desenvolverse, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que

permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

A principal base metodolóxica do noso proceso de ensino-aprendizaxe é o desenvolvemento do traballo cooperativo na aula, que incide sobre 3 ámbitos de intervención:

A) Actuacións encamiñadas a cohesionar ao grupo clase, preparalo para traballar en equipo, predispoñelo para a cooperación, convertelo, pouco a pouco, nunha pequena comunidade de aprendizaxe.

B) Actuacións encamiñadas a utilizar o traballo en equipo para ensinar e aprender (traballo en equipo como recurso).

C) Actuacións encamiñadas a ensinar a traballar en equipo (traballo en equipo como contido).

Baseándonos na experiencia dos últimos anos de traballo nas aulas, implantando a Aprendizaxe cooperativa, destacamos os seguintes aspectos:

- Aporta maior cohesión de grupo, facendo que cada neno/a se sinta parte del.

- Favorece a organización do traballo dentro e fóra da aula.

- Facilita a integración de:

* Alumnado de nova incorporación, habitual no noso centro.

* Alumnado con NEAE.

Tendo en conta esta liña metodolóxica de base e os principios DUA incluímos os seguintes puntos:

1- As aprendizaxes, para que impliquen un verdadeiro desenvolvemento, deben construírse como aprendizaxes significativas. Para iso sempre:

* Partiremos das necesidades, intereses e características do alumnado para asegurar a motivación na súa aprendizaxe.

* Crearemos situacións e momentos significativos que favorezan o desenvolvemento das relacións interpersoais e os vínculos afectivos: as rutinas e o momento da asemblea.

* Crearemos situacións onde lles demos posibilidades de experimentar con novas vivencias e reorganizar os seus esquemas.

* Planearemos actividades que teñan un sentido inmediato.

2- Partir dos coñecementos e ideas previos do alumnado e telos moi en conta como referencia no momento de formular obxectivos, contidos ou deseñar actividades. Polo que consideramos que o profesorado debe:

* Manter unha actividade de escoita e observación, estando aberto ás súas propostas.

* Detectar as necesidades e intereses do alumnado.

* Coordinarse co titor ou coa titora do curso anterior, de darse o caso, e co resto de profesorado especialista que traballen co mesmo grupo, para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado.

* Iniciar sempre as unidades didácticas ou proxectos de traballo con actividades para descubrir as súas ideas previas sobre o tema. Partindo destas, propoñer e construír aprendizaxes significativas que se transfiran a situacións da vida real e que impliquen a solución de situacións e problemas na práctica.

3- Favorecer a colaboración coas familias. Parécenos importante a relación coordinada coas familias, xa que é o que dá coherencia ás actuacións que os adultos presentamos. Familia e equipo docente debemos chegar a unidade de criterios educativos, valores prioritarios e actuacións comúns na escola e na casa, para iso é necesario que se estableza un intercambio fluído e continuo da información. Estableceremos esta relación a través de:

* Un contacto directo nas chegadas e saídas do alumnado. Manter contacto asiduo coas familias para coñecer os hábitos, intereses, necesidades ou problemas dos nenos e das nenas.

* Informes persoais de carácter trimestral, notas informativas...

* Manter reunións en cada trimestre ou cando sexa necesario, e unha hora semanal de titorías coas familias.

* Participación das familias: en obradoiros, contacontos...

4- Traballar da forma máis globalizada posible. A perspectiva globalizadora é nesta etapa a máis adecuada para que as aprendizaxes sexan significativas, é dicir, que o alumnado poida relacionar os seus coñecementos previos coas novas informacións que recibe e que atraen o seu interese, o que supón:

* Traballar todas as capacidades. Desenvolver no alumno/a todas as capacidades tanto físicas como afectivas, sociais e intelectuais dun xeito global xa que toda actividade realizada polos nenos/as pon en marcha de xeito simultáneo mecanismos afectivos, comunicativos, psicomotores, cognitivos... que deben ser abordados dun xeito global partindo sempre das experiencias cotiás dos alumnos/as.

* Planificar actividades que teñan en conta os intereses do alumnado e se axeiten á diversidade do mesmo.

* Traballar obxectivos e contidos das diferentes áreas nas unidades didácticas ou proxectos de traballo.

* Desenvolver no alumnado todas as capacidades tanto físicas como afectivas, sociais e intelectuais dun xeito global xa que toda actividade realizada polos nenos/as pon en marcha de xeito simultáneo mecanismos afectivos, comunicativos, psicomotores, cognitivos... que deben ser abordados dun xeito global partindo sempre das experiencias cotiás dos alumnos/as.

5- Favorecer a aprendizaxe activa, para o que a participación tense que constituír en eixo central e en ningún caso optar por unha perspectiva exclusivamente transmisora da información. Debemos procurar:

* Potenciar a súa autonomía e creatividade.

* Favorecer os procesos de verbalización e toma de decisións durante as actividades.

* Favorecer o intercambio e a relación cos iguais.

6- Crear un clima de seguridade e confianza no que o alumnado poida desenvolver e construír un autoconceito positivo:

* Coidando especialmente o ambiente da aula, coa organización duns espazos cálidos, estéticos e funcionais atendendo o máximo aos detalles.

* Establecendo normas, retos e esixencias: estas adquiren todo o seu sentido cando se dan nun clima de afecto e consideración para o alumnado e están axustados ás posibilidades de cada un.

* Creando un clima escolar de seguridade e regulación emocional que axude a canalizar, expresar e verbalizar as súas emocións.

7- Potenciar a aprendizaxe lúdica:

É importante destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa. No xogo únense, por unha parte, un forte carácter motivador e, por outra, importantes posibilidades para que os nenos e as nenas establezan relacións significativas.

8- Introducir ao alumnado no uso de ferramentas tecnolóxicas:

É importante fomentar o uso axeitado das ferramentas e os contidos dixitais, dando a coñecer a súa utilidade para a busca de información, a realización de investigacións, ... favorecendo unha alfabetización dixital que permita a cada nena e neno ir descubrindo a importancia das mesmas na nosa vida e como e cando utilizar cada unha.

9- Uso dos espazos

Ademais das tarefas realizadas en aula, deberemos prever o uso doutrso espazos como: horto, ximnasio, aula de informática, biblioteca...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, ...Podemos contar tamén con outros como aula virtual, aplicacións utilizadas..
Material funxible: convencionais e non convencionais.
Material sensorial: bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...).
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos,...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio, aros, zancos...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico.
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc.)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, biblioteca Concello, etc.)
Instrumentos musicais.

Este apartado fai referencia aos diversos materiais e recursos didácticos que facilitarán a aprendizaxe do alumnado. Dentro del tamén debemos sinalar:

- Recursos persoais: relativos a todo o persoal que desenvolve a súa labor no centro educativo: titores, mestres, especialistas, señora da limpeza, conserxe, empregados do concello que axudan na conservación do centro e das

aulas, así como as familias do alumnado, que participan tanto de forma directa como indirecta. Así como a Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA).

- Recursos físicos: As propias aulas e mobiliario, os corredores, aulas das distintas especialidades, a biblioteca do centro, o patio, a sala de mestres, a aula de Informática e a sala de usos múltiples.

O centro tamén conta con fotocopiadoras, ordenadores (de aula e da sala de mestres), a encuadernadora, a guillotina e a plastificadora.

- Recursos do contorno: por un lado a nivel institucional, en colaboración coa comunidade educativa, cóntase con recursos como a biblioteca municipal, a oficina de correos, así como outros non pertencentes ao concello; institucións, asociacións, como editoriais, grupos de teatro, contacontos e maxia; a Dirección Xeral de Tráfico, Policía municipal, Bombeiros, o Pazo da Cultura de Pontevedra (que organiza o Salón do Libro Infantil), o auditorio de Abanca...

Por outra banda, cando falamos de recursos do contorno, nos referimos tamén aos recursos e materiais da natureza recollidos e presentes no contorno: follas, pedras, terra, paus ou incluso os traídos da casa.

- Recursos e material de refugallo: moitos deles forman parte do contorno doméstico e natural, das familias e da escola: papel prata, rolos de papel hixiénico, botes de iogures, zumes, bebibles (das merendas), botes de colacao, bricks de leite, tubos de papel hixiénico, teas, lá...

Debemos citar tamén o emprego de materiais traídos da casa, froito do traballo de investigación e pescuda de información para os proxectos: libros, fotografías, información de Internet, debuxos...

Temos ademais, o material de aula, tanto funxible como non funxible, necesario para desenvolver as tarefas e proxectos e levar a cabo a aprendizaxe: folios, cartolinas, ceras, pinceis, fotografías dos nenos, tarxetas cos nomes das cousas, xogos de todo tipo, puzzles, encaixables, dominós, ábacos, miniarcos, libros e contos, material de xogo simbólico, teas, casiña de tea, marionetas e títeres, carteis dos recantos e das rutinas diarias, papeis de diferentes texturas, cores, gomets...

Todos os materiais deben ser axeitados as diferentes capacidades e habilidades do alumnado, tendo así en conta a diversidade existente nas aulas.

Por ultimo, no caso doutros materiais elaborados, debemos respectar os dereitos de autoría e por outra banda, empregar todas as ferramentas corporativas na medida do posible.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o período de adaptación. Para levar a cabo esta avaliación inicial, empregaremos a primeira unidade didáctica considerando os resultados obtidos na mesma, a través da:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias na entrevista inicial.
- Valoración do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Durante estas primeiras semanas, tamén se valorarán as achegas feitas polos distintos especialistas que incidan na aula. Hai que destacar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Valorarase a evolución de diversos aspectos do desenvolvemento do alumnado e os seus coñecementos ao longo do curso. Dita valoración levarase a cabo a través dos correspondentes informes trimestrais, nos que a través de diferentes criterios, rexistrárase o grao no que adquiriu as distintas habilidades e competencias agardadas.

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios de avaliación establecidos para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado.

Estes informes enviaranse ás familias ao final de cada trimestre e entregaranse a través dunha entrevista persoal no último trimestre do curso, onde se lles aportará máis información sobre a evolución ao longo do curso e os progresos do seu fillo ou filla.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias (apoio do profesorado en aula) e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses; así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado.

Porase especial atención á finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado; así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razoamento, atención, etc.)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar a aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.

- Adequar a programación didáctica mediante unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase.

- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa seguindo os principios do DUA e proponendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumnado.

- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características deste alumnado.

- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razoamento e a atención.

- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.

- Transmitir a información de maneira clara.

- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoptando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.

- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades.

- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.

- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais, etc).

Ademais do indicado é necesario incluír na mesma unha serie de orientacións sobre o procedemento de actuación ante os posibles casos de Necesidades Específicas de Apoio Educativo; así como das orientacións feitas para o tratamento da atención á diversidade na aula de 4º de educación infantil.

Tendo en conta que se escolariza alumnado novo por primeira vez no centro educativo, faise necesario establecer unha serie de pautas de actuación para adiantarnos ás distintas necesidades específicas que poidan darse na aula.

Con respecto ao aspecto lingüístico, e para previr posibles déficits na articulación e expresión oral e, en todo caso, co fin de facer unha estimulación precoz destes aspectos orais, levarase a cabo unha observación sistemática do alumnado da aula, para detectar posibles trastornos. No caso de terse detectado algún tipo de dificultade que faga precisa unha intervención específica, acordarase dita actuación co departamento de orientación.

Atenderase en todo caso a cada un dos alumnos/as como seres independentes e con características propias, ampliando deste xeito a concepción de diversidade a todo o alumnado, de xeito que se potencien as capacidades de

cada un respectando o seu ritmo evolutivo e as súas características persoais.

En caso necesario, adoptaremos as medidas precisas para a atención educativa virtual facendo uso das Aulas Virtuais, videoconferencias, Abalar...

Por todo o indicado levaranse a cabo tódalas modificacións que sexan necesarias, tanto nos aspectos metodolóxicos, como nas actuacións previstas, ao fin de lograr a mellor forma de traballo en relación á madurez de cada alumno e das súas potencialidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Estes elementos transversais, están integrados, de forma globalizada nas diferentes Unidades Didácticas sinaladas nesta programación.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Historias de Cine	Actividades a realizar ao longo do curso propostas dentro do proxecto anual de biblioteca.	X	X	X
Visita de persoa experta.	Ao longo do curso invitaremos a unha persoa ou familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.		X	X
Contacontos	Cando o consideremos preciso invitaremos a profesionais ou familiares do alumnado para que veñan contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.	X	X	X
Saída de campo.	En función das unidades a traballar e da climatoloxía realizaremos diferentes saídas de campo para afondar no traballo na aula.	X	X	
Saída de fin de curso	Como actividade lúdica de fin de curso visitaremos un lugar onde realizaremos diferentes actividades relacionadas coa contorna e conmemoraremos o final de curso.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros solidarios	Levaremos a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doazón de libros, recollida de alimentos ou tapóns, etc.	X	X	
Actividades medioambientais	Poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza: revitaliza, horto escolar, composteiro, reciclaxe...		X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso vinculadas ao calendario escolar e propias da contorna.	X	X	X

Observacións:

Todas estas actividades serán incluídas nos proxectos e plans de centro así, como nas unidades didácticas correspondentes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das actividades foi adecuada.
Respectáronse os tempos planificados para o xogo libre do alumnado.
Os instrumentos de avaliación foron eficaces e adecuados.
Metodoloxía empregada
Promoveuse o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os agrupamentos adaptáronse ás características das actividades propostas.
Utilizáronse diversos tipos de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Empregáronse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
A planificación das actividades foi axeitada ao alumnado.
Respectouse o ritmo madurativo do alumnado nas actividades propostas.
Leváronse a cabo modificacións sobre as actividades propostas para atender á diversidade do alumnado.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.

Clima de traballo na aula
Os equipos cooperativos formados foron satisfactorios.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Solicitouse a participación das familias na aula.
A participación das familias na aula foi activa nas tarefas propostas.
Existiu coordinación co equipo docente.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación será revisada e mellorada ao longo do curso segundo as necesidades e evolución da vida na aula, facendo realidade deste xeito o principio de flexibilidade de toda programación didáctica. A revisión será continua ao longo do curso e modificarase naqueles aspectos que sexa preciso.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada mes, quedando constancia do mesmo nas actas do Equipo de Ciclo

9. Outros apartados